

Educación e concellos


Xesús R. Jares

Unha das experiencias educativas máis enriquecedoras e fecundas que se teñen dado desde finais dos anos 70 en España, é a protagonizada por un grupo numeroso de concellos; nun casoso como desarrollo de iniciativas propias, noutros en colaboración con grupos de renovación pedagóxica da localidade. En efecto, coa chegada da democracia moitas das novas corporacións municipais non aceptan o rol, ata ese momento establecido, de practicar unicamente unha política educativa do "ladrillo". Ademais de traballar na consecución da plena escolarización da poboación infantil en idade escolar, non limitan as súas tarefas ás competencias que lle son propias, senón que adoptan unha política de participación da comunidade educativa e mesmo de substitución de moitos aspectos deficitarios administración educativa central e autonómica.

Estes concellos crean de motu proprio e baixo distintas formas organizativas, uns **servicios institucionais**, ata entón inexistentes, como son os Institutos Municipais de Educación (IMES), os Servicios Municipais de Recursos Pedagóxicos, Departamentos de Educación, Equipas Psicopedagóxicas Municipais, etc. Ditos servicios nacen cunha clara vocación de servir á renovación da escola e a territorialización do ensino, na procura progresiva dese modelo socioeducativo que denominamos **cidade educativa**. En definitiva, trátase de ofertar desde a administración máis próxima ó cidadán uns servicios á escola conscientes de que ésta non é un servicio máis a resolver senón un instrumento fundamental para forxar á futura cidadanía.

Servicios pedagóxicos municipais

Os eixos nos que se vertebra a multiplicidade de actuacións municipais son básicamente dúas: Actividades de formación do profesorado e actividades, servicios e publicacións/materiais de apoio á comunidade educativa. Entre as primeiras cabe reseñar un amplo abanico de conferencias, exposicións, cursos e seminarios para o profesorado que van desde aspectos didácticos ata o estudo de elementos de



Os concellos deben axudar á escola.

xeografía, historia, antropoloxía, botánica, zooloxía, etc. da localidade. Neste primeiro grupo cabe suliñar a constitución de equipas permanentes de traballo e na área catalana as Fopi (Formación Permanente Institucional), en colaboración coa Generalitat, na que os/as profesores/as realizan a súa reciclaxe dentro do horario escolar, sendo substituídos na súa escola mentras dura o seu período de perfeccionamento.

Respecto das numerosas e diversas actuacións dirixidas á totalidade da comunidade educativa —profesores/as, alumnos/as e pais de alumnos/as—, revisten múltiples formas de organización: servicios estables, propostas de programas de actividades, publicacións periódicas, apoio a iniciativas propias

da escola... Entre os servicios estables se encuadran os centros de recursos e documentación; as escolas de natureza; as granxas escola; as equipas psicopedagóxicas; etc. Entre os programas institucionalizados destacan aqueles que fan referencia ó coñecemento da localidade, tanto nos seus aspectos físico-naturais como histórico-antropolóxicos. Programas de dinamización cultural, programas de deporte escolar, programas de educación para saúde, programas de educación para a paz, programas de escolas de país, etc. En conclusión, trátase de poñer ó alcance da escola programas, recursos e medios que ensanchen e faciliten os seus aspectos formativos, nunca que a substitúan.

A educación: Unha responsabilidade colectiva

A educación é un proceso sumamente complexo, cunha clara vertente social. Resulta evidente que esa función socializadora depende das peculiares orientacións que lle impriman as distintas estruturas económicas, políticas e ideolóxicas; é dicir, que a relación escola-sociedade presenta diferentes significacións. Dende a nosa perspectiva, a educación transformadora, consideramos que o proceso educativo debe favorecer a adquisición daqueles coñecementos, estratexias intelectuais, actitudes e comportamentos que permitan a creación dun mundo no que se rexeite calquer xeito de explotación humana, condi-

ción básica para unha sociedade cada vez máis ceibe, democrática e científica.

Pero estes obxectivos son dunha complexidade e amplitude tal que sobrepasan as posibilidades das institucións educativas, debendo ser asumidos polo conxunto total de poboación, a través tanto das aportacións de cidadanos/as particulares coma de organismos públicos e privados.

É interesante, sobre todo, fomentar a colaboración entre os centros educativos e as corporacións municipais. Aos concellos correspóndelle, xunto con outras institucións locais, crear unha infraestrutura que

posibilite actividades de encontro, esparcemento, información, aprendizaxe e creación para tódolos cidadanos/as.

Ademais dunha política de acción-cultural, deben levar a cabo proxectos educativos de apoio aos centros escolares. Compre que os concellos asuman como propias actividades típicamente pedagóxicas, como organizar xornadas educativas, potenciar universidades populares, acercar o medio local e as súas institucións aos escolares, subvencionar a publicación de materiais para o ensino un servicio de recursos educativos, etc.

Mercedes Suárez Pazos

O Concello de Ourense: A política educativa do "debe ser"

Para falar da relación concello/escola N.E. púxose en contacto co concellal de educación do concello de Ourense e pasoulle un cuestionario. Estas son as súas respostas.

-¿Qué relación coidea vostede que debe existir entre o concello e a escola?

-O concello non pode aceptar que escola e sociedade estean divorciadas. O medio debe estar presente na escola (coñecemento do entorno, urbanismo, tradicións historia etc.) e a escola debe estar presente no medio coma institución cultural aberta e viva, propiciando a integración dos alumnos en el.

-En materia educativa, ¿Qué laboura desenrollou o concello deica hoxe?

-A única laboura que viña exercendo, limitábase a financiar os servizos de atender os centros públicos do seu patrimonio: conservación, reparación, vixilancia, limpeza, gasto de auga, luz, calefacción, ademais da designación de subalterno de cada centro.

-Para facer todo eso, ¿con qué presuposto conta?

Hai que diferenciar entre gastos de persoal e gastos de mantemento e servizos. No primeiro como non ten consignación presupuestaria especial por ser funcionarios do concello. No segundo caso o presuposto viña sendo de algún xeito ilimitado debido a dificultade de presupostar o mantemento, gastándose en servizos (limpeza, calefacción, electricidade) sobre 43 millóns de pesetas.

-No presente curso, ¿qué programa pensan desenrollar?

a) Constitución do consello escolar municipal, peña básica e fundamental para lograr a participación de todos os sectores sociais implicados.

b) Elaboración do mapa escolar, por entender que é un instrumento básico para unha adecuada política municipal.

c) Potenciar os consellos escolares de centro, de forma que a súa programación repercuta na mellora da ensinanza e da ordeación da actividade escolar.

d) Plan de interacción escola medio, facendo efectivos os criterios de quea escola non se pode deslindar do medio.

-¿O cambio municipal, supuxo algún cambio na política educativa do concello?

-¿Conido que significa un cambio importante posto que dende unha perspectiva socialista, a escola debe ser un centro que reflexe cara o concello todos os recursos culturais derivados da educación.

-¿Cómo participa o concello nos consellos escolares?

-Deben resumir o programa e a súa actuación de tal forma que repercuta na mellora de calidade da ensinanza e a súa actuación tenderá a equilibrar e fomentar o funcionamento do consello escolar evitando que se convirza en órgano de imposición de decisións por maioría de voto.

-¿Existe colaboración entre o concello e os grupos de renovación pedagóxica?


-Non existía colaboración hasta a fecha. No futuro consideramos que entre outros servizos de apoio a escola, os movementos de renovación deben de ser obxecto de especial atención dende os concellos a hora de diseñar calquera programa educativo.

-Considerando que gran parte da educación realízase fora das aulas, ¿en qué concreta o concello a súa política socioeducativa?

-Entre outros programas este concello prevee realizar:

a) Programas de formación ocupacional en colaboración co Inem, escola taller.

b) Programa-campaña de orientación educativa e profesional.



c) Programa escola/concello; con programas como "O xogona escola", campañas de animación a lectura, realización de guías e itinerarios didácticos, escola de pais.

-Segundo a liña de outros concellos galegos coma Coruña, Santiago etc. ¿prevee este concello constituir un departamento de educación con persoal especializado?

-Ten previsto crear unha infraestrutura sólida e estable, que sería condición imprescindible para a execución de todos os plans de actuación.

¿Difunde, realiza ou subvenciona o axuntamento algún tipo de material didáctico?

-Si, tales como 100 guías sobre sexismo, para difundir polas escolas, aparte de algúns libros sobre a cidade.

-¿Para cando se pensa convocar o consello

municipal de Educación tal como está previsto na lei?

-Estánse iniciando os contactos con sectores implicados na súa configuración, e se prevee que esté constituído antes de finalizar o ano en curso.

-¿Qué tipo de actividades realiza ou ten pensado realizar o concello para unha maior integración escola/medio?

-Tal e como se constata nos criterios xerais de actuación pedagóxica, a escola non se pode deslindar do medio. Esta interacción virá dada polas seguintes actuacións do concello: Estudos de recursos propios. Estudio de outros recursos, coordinación dos servizos municipais e institucionais. Tendo en conta para unha actuación coherente a inclusión nos presupostos municipais partidas específicas para actividades educativas.

A Escola Taller de Ribadavia, mais alá do ensino tradicional

A pouco máis de tres kilómetros de Ribadavia, sobor do pobo de San Andrés erguese, en estado de total abandono, a rectoral de San Andrés de Camporredondo, propiedade do Obispado de Ourense, que será a futura sede da Escola Taller de Restauración de Ribadavia, un innovador e ambicioso proxecto aprobado xa polo Axuntamento ribadaviense e que espera agora na resolución do INEM. Provisionalmente está previsto que a escola comence a funcionar nunhas instalacións que se están habilitando nos sótanos do Polideportivo para no transcurso do próximo ano pasar xa a súa ubicación definitiva na rectoral de San Andrés, que o Obispado cedeu por trinta anos, unha vez rematen os traballos de reforma e acondicionamento da mesma. Sin embargo é posíbel, según afirmaba, Alfonso Moreno, director do centro, que algún taller como o de forxa poida incorporarse antes a rectoral.

Dun total de cinco posibles sedes para a escola, elixíuse a da rectoral de San Andrés debido a que se trata dun edificio de interés histórico-artístico, cúa situación de ruína aconsella unha urxente intervención e as súas condicións de espazo que permite agrupar aos distintos talleres que se van a montar nun soio edificio. Ademais, unha vez restaurado o edificio poderá ser utilizado como centro de actividades socio-culturais para a comarca do Ribeiro.

Pero non todo son ventaxas e, por exemplo, por unha banda, as dificultades de acceso e a distancia do nudo principal de comunicacións que se localiza no centro de Ribadavia son os inconvenientes máis importantes, que se están tratando de paliar. Así estase a construír un acceso directo viable para vehículos, incluso pesados, que solucionará, en principio, o problema de acceso á Rectoral. No segundo dos temas estúdiase a posibilidade de adquirir transporte propio, debido ao alto coste do transporte escolar e os continuos movementos de personal e materiais que precisará a Escola.

Serán noventa alumnos, dun total de 215, os que presentaron solicitude, ós que tras unha rigurosa selección accederán a matrícula do centro, que contará con un total de quince profesores. A financiación do conxunto da escola corre a cargo do INEM, participando tamén a Consellería de Traballo, o Axuntamento de Ribadavia, Museo Provincial e a COTOP, que realizará as obras da cuberta da rectoral e do camiño de acceso a mesma.



O presuposto ascende a catrocentos millóns de pesetas a repartir ao longo dos tres próximos anos.

Espacio vivo

A Escola, según sinala no proxecto, "vai máis alá da ensinanza tradicional, tentando diseñar un espazo vivo, onde se perciba que o traballo manual tamén e pensamento, e que recuperando o noso entorno estamos recuperando nos mesmos". Un espazo aberto, sinalase, "que faga da antiga cidade de Ribadavia e os seus espazos naturais un lugar de descubrimento e aprendizaxe".

O equipo da escola entende que é necesario poñer en práctica un método e un espazo que axude a traballar coa cabeza e coas mans, "porque creemos -manifestan- que a actual separación do traballo intelectual e o manual ten sido un dos peores inventos da pedagogía e por elo propoñemos o desenrolo dunha metodoloxía que se adapte as nosas necesidades reais y que sexa o resultado dun traballo en equipo".

A escola taller actuará en tres áreas primordiais: a restauración do patrimonio construído; sobor do medio natural e na acción socio-cultural. A través destas áreas concretaranse os máximos obxetivos do centro: promover a restauración e conser-

vación do patrimonio cultural e natural da comarca do Ribeiro, con plans concretos de intervención e formación de especialistas; potenciar a integración de xóvenes en paro.


Propostas de actuación

As propostas de actuación da escola son: restauración da casa rectoral de San Andrés de Camporredondo; restauración do casco antigo de Ribadavia e o seu barrio xudío; reparación, restauración e reprodución de obxectos etnográficos; organización de actividades culturais, recuperación do casco antigo como lugar de encontro, recuperación de festas tradicionais e xogos populares e recuperación de oficios desaparecidos como actividade de ocio; limpeza e axardinamento das orillas do río Avia; plan de restauración do medio natural de Ribeiro; construción de áreas recreativas controladas; actuacións para a prevención de incendios; desenrolar un plan de animación rural, difusión cultural e alfabetización e oficina de información, orientación xuvenil, axudas para a recuperación de vivendas e información cultural.

A restauración e mantemento do patrimonio arquitectónico de Ribadavia e a súa comarca, propiciará unha importante creación de emprego no sector da construción e de xeito indirecto na promoción do sector turístico. Neste senso as perspectivas de emprego dos alumnos da escola vai depender en gran medida da eficacia na rentabilización das actuacións efectuadas.

A formación dos alumnos da Escola Taller poderá cubrir con mao de obra especializada unha grande diversidade de postos de traballo en as seguintes áreas: restauración de edificios singulares, rehabilitación de vivendas unifamiliares, reconstrución de pobos abandonados, conservación de áreas naturais protexidas, creación de zoas de acampada, construción de áreas recreativas, poda e inxerto de viñas, adegas, xardinería e floricultura, silvicultura, viveiros, monitores de tempo libre, artesanos autónomos, animadores socioculturais e guías turísticos.

O obxectivo da escola coincide en definitiva sinalase no proxecto do centro, co de outras experiencias pedagóxicas que centran os seus esforzos en converter a cidade, a natureza e a propia sociedade nunha gran escola.



Casa rectoral de San Andrés cedida para a Escola Taller.

TIRA

**O concurso de traslados:
Un sistema baseado na carreira docente**

O proxecto contempla algunhas das reivindicacións históricas do profesorado. Concurso único, as especialidades, a desaparición do turno de consortes e o turno restrinxido, primar a permanencia no mesmo centro... etc., pero son moitas as inconcrecións e tamén dificilmente aceptables moitas das novidades propostas.

A non existencia de un periodo de transitoriedade trastoca os proxectos de futuro de un gran número de ensinantes, que deste xeito poden verse gravemente afectados. Así mesmo o outro grao de complexidade do sistema proposto dificulta o control de resolucións do concurso, a detección de irregularidades e o presentar as correspondentes reclamacións. A introducción de meritos de valoración subxectiva, parte de ser inxusta e de difícil control.

Os méritos de "carreira docente" poden establecer as décimas suficientes que establecen a diferenza entre un bon destino e outro desastroso, co agravante que esa mesma puntuación subxectiva pode variar de un ano para outro sendo polo mesmo imprevisible a puntuación de cada quen.

Valórase todo menos o traballo docente. O que se fai na clase non ten valor, o que importa e facer trescentos cursiños e pelexarse polos carregos directivos que son os que dan puntos... e ter a sorte de ter amigos nas comisións de valoración e méritos.

Existen, de tódolos xeitos, colectivos especialmente "dagnificados":

- 1.- Propietarios provisionais.
 - a) Mantense a obrigación do concurso forzoso para obter a primeira definitiva.
 - b) Adxudícaselle menor puntuación a provisionais que a definitivos.
 - c) Perda da puntuación acumulada na obtención da primeira plaza definitiva.
 - d) Son obrigados logo de concursar forzosamente a permanecer dous anos no seu destino.
- 2.- Os mestres que non acrediten algunha das especialidades que son contempladas no proxecto, tales como adultos, plástica, música, pretecnoloxía

etc., que aparecieran coma mestres de EXG sen especialidade.

3.- Os mestres das escolas suprimidas, que contrariamente ao que hoxe ocorre, concursarán perdendo os puntos. Non se contempla o caso dos definitivos aos que se lle suprime o seu primeiro destino.

Non se contabilizarán os anos de interino aínda desempeñando igoal traballo e funcións.

Non se clarifica o de postos de traballo docente de carácter singular, deixando a porta aberta a todo tipo de anomalías.

E sobre todo a concesión de puntuación por méritos é gravemente inxusta, entre outras cousas por:

- A) A dificultade que ofrecen certos destinos para a realización de cursos ou actividades de perfeccionamento.
- B) A puntuación para cargos unipersoais que supón puntuar tarefas burocráticas sobre as pedagóxicas. O traballo na aula non é tido en consideración.
- C) Abre a porta a arbitrariedade, xa que é imposible garantir a igoaldade e a obxetividade na baremación. Nin siquiera se pode garantir que os mesmos méritos sexan igoalmente baremados en anos diferentes.
- D) E de difícil aceptación que se pntoen servizos na administración educativa que nada teñen que ver co traballo docente.
- E) Discrimina seriamente a maioría das mulleres ensinantes pola especial dificultade que estas teñen para realizar tarefas de perfeccionamento fora dos horarios laborais.


Ten visos de inconstitucionalidade en:

- a) A discriminación que fai das persoas non casadas ao otorgalle puntos por tal condición.
- b) Calquer intento de retroactividade na aplicación do decreto coma podería ser o caso dos definitivos en primeiro destino que en virtude do decreto perdería a puntuación acumulada como provisionais.

David Cortón

LIBROS

A xeografía e o clima



Colección "Descubrir Coruña", editada polo Concello de A Coruña:

- "A poboación"
- "Geología de la costa coruñesa"
- "Geografía y clima"
- "Historia"
- "As árbores do xardín de Méndez Núñez"

Guías didácticas editadas polo concello de Redondela:

- "A igrexa de San Andrés de Cedeira"
- "Arquitectura e urbanismo en Redondela"
- "Don Casto Sampedro Folgar (1846-1938)"
- "A coca"
- "Aproximación á toponímica do concello de Redondela"
- "As penlas e a danza de espadas"
- "Redondela arqueolóxica"
- "Os maíos"

NOVAS

No Centro de Recursos de Viana do Bolo estánse a desenrolar seminarios de prensa na escola e de medios audiovisuais, así como unha semana de plástica no C.P. do Bolo. Tamén agardan a confirmación dunha subvención da Diputación, para a posta en marcha dun Museu Etnográfico.

No Centro de Recursos de Ourense están traballando na elaboración dunhas guías para profesores/as de sociais, que son complemento dun audiovisual que leva por título "Imos visitar Ourense".

Os escolares de 8.º de E.X.B. de Beariz, xunto co seu profesor Xavier Saco, atópanse en Cáceres participando na campaña "escolas viaxeiras".

Cinema psico-pedagóxico organizado pola Asociación Socio-pedagógica Galaico-Portuguesa, para o presente mes de novembro: "Esta tierra es mía" (día 21), "Warrendale" (día 22), "Padre" (día 23), "Infancia desnuda" (día 24) e "Soledad del corredor de fondo" (día 25).

As colaboracións para esta sección pódense enviar a:
Mercedes Suárez Pazos
Colexio Universitario, Progreso, 35
32003 Ourense

GARABULLINO



NA ESCOLA

Suplemento do ensino de **La Región** (Ourense).
Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid (coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sanmamed
Manolita Garrido
David Cortón
Colabora:
Nova Escola Galega
Maqueta:
Departamento de diseño de **La Región**.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

